

Alexandre Andrade, director

Titulado en Fruta Travesa pola Universidade de Aveiro en 1995, con Pedro Couto Soares, posteriormente completou un mestrado en Interpretación no Instituto Tecnolóxico de Waterford (Irlanda), e en 2016 un segundo mestrado en Interpretación da Música Antiga (Traverso) na Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo (ESMAE, Porto), baixo a dirección do profesor Olavo Barros. En 2005 obtivo o doutoramento en Música pola Universidade de Aveiro, cunha tese sobre a interpretación da fruta travesa na segunda metade do s. XVIII. É profesor visitante nas universidades federais de Alagoas e de Baía (Brasil), e instrutor de fruta no Conservatorio de Música JOBRA e no Conservatorio de Amarante (ambos en Portugal). Traballou en orquestras barrocas co profesorado Pedro Sousa e Silva, Ana Mafalda Castro, Benjamim Chénier e Marco Ceccato, e é membro fundador dos conxuntos Ensemble Ars Iberica, Iberian Ensemble e Ventos do Atlântico.



Músicos no Pórtico. Debuxo, ca. 1941. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950)

XVI EDICIÓN

Noites de Música Antiga

EDIFICIO CASTELAO, MUSEO DE PONTEVEDRA

VENRES 24 DE XULLO, ÁS 19 H

IBERIAN ENSEMBLE

MUSEO.DEPO.GAL



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

O ESTILO GALANTE: *LE PLAISIR DE VIVRE*

Na primeira metade do século XVIII o estilo barroco acadara un prominente grao de sofisticación e ampulosidade, como se amosa en toda a súa magnificencia nas obras de J. S. Bach ou de G. F. Haendel. Como tantas veces na historia da arte e dos estilos, o péndulo do gusto estaba a punto de cambiar de rumbo, e pronto a música do venerable Bach comezaría a resultar demasiado densa, especulativa e mesmo pesada. Tal apreciara o crítico contemporáneo J. A. Scheibe en 1745 a propósito do *kantor* de Leipzig: “Este grande home converteríase na marabilla de todas as nacións se fose máis ameno...”. Co nome de estilo galante coñécese, pois, un modo de facer que anticipa e mesmo se solapa co estilo de W. A. Mozart e F. J. Haydn, e que, de modo simultáneo, se desprega por toda Europa entre 1730 e 1770. Este caracterízase pola claridade da súa expresión e por estar máis dirixido a unha recepción sensual e inmediata que á abstracción intelectual. É o estilo da aristocracia das festas galantes, da celebración e do gozo dos praceres dos sentidos, e nel sitúanse os compositores deste programa.

A corte de Federico o Grande de Prusia ofrecía as mellores condicións para o desenvolvemento deste novo xeito musical. Monarca ilustrado, respectuoso coa tradición pero crítico cos convencionalismos, home práctico, rodeouse de escritores, filósofos e músicos, entre eles J. J. Quantz, que o serviu durante todo o seu reinado. Frautista virtuoso, Quantz escribiu numerosas sonatas a solo e en trío, así como concertos para este instrumento. Ademais, propuxo diversas melloras técnicas para o instrumento que foron observadas por compositores coma Bach ou Telemann, mais tamén foi un destacado teórico e crítico, que captou perfectamente o cambio de estilo que se estaba a producir e ao que el contribuíu notoriamente.

O caso dos irmáns Pla exemplifica o carácter transnacional que o estilo galante adquiriu. Nados en Cataluña, pronto destacaron como oboístas virtuosos, o que os levou a Madrid, Lisboa, Italia e Inglaterra, para rematar a súa carreira na Alemaña, no caso de Juan Bautista —que falece en Stuttgart—, e en Ámsterdan, no caso de José, un pouco máis tarde. Na capital lusa estiveron ao servizo de José I como membros da Orquestra da Real Cámara de Lisboa. Como compositores non é doado establecer as obras de cada un, ata o punto de que o musicólogo Josep Dolcet propuxo no seu día un catálogo conxunto das súas obras, que hoxe se vai depurando, como é o caso destas sonatas publicadas en París na década de 1750. O carácter da música dos irmáns Pla é propio do estilo galante: o coidado pola melodía, a ornamentación amable e expresiva ou as texturas diáfanas, onde a frauta e o violín dialogan, foron altamente apreciadas en todas as cidades e cortes de Europa que percorreron.

O concerto remata cunha colección de pequenas pezas, literalmente, do maior dos fillos de Bach, Carl Philip Enmanuel, coñecido tamén coma o Bach de Berlín, por ser esta a cidade onde desenvolveu boa parte da súa carreira ao servizo de Federico o Grande. As doce “pequenas pezas” que aquí se presentan conforman unha serie encantadora composta en 1758 na textura de sonata en trío, e constitúen un perfecto exemplo do estilo galante no que se desenvolveron os fillos de J. S. Bach, Carl Philip ou Johann Christian, seguindo o cambio no gusto musical da aristocracia e da nacente burguesía, referidos ao inicio.

Luís Costa Vázquez
Universidade de Vigo

PROGRAMA

Johann Joachim Quantz (1697-1773)
Trío sonata en sol maior, QV 2: Anh. 28.

Joan Baptista Pla (1720-1773)
Trío sonata núm. 2 en re menor.

Josep Pla (1728-1762)
Trío sonata en sol maior, núm. 3.

Carl Philipp Emanuel Bach (1714-1788)
12 Kleine Stucke, H. 600.

INTÉRPRETES

Alexandre Andrade, dirección artística e frauta barroca
Mariña García-Bouso, violín barroco
Karen Barbosa, violonchelo barroco
Ivan Oliveira, tiorba e guitarra barroca
Catarina Sousa, clavecín

Iberian Ensemble, *consort* de música antiga

Foi fundado en 2012 por Alexandre Andrade co obxectivo de xunguir a investigación musicolóxica e a interpretación da música ibérica dos séculos XVII, XVIII e XIX. O propio nome do grupo evoca a nosa historia musical, na que as súas e os seus integrantes —e a propia música— compartiron os mesmos espazos de creación e apreciación intercultural entre Portugal e España, unha tradición que abrangue desde a Idade Media ata o século XIX. Desde os seus inicios, Iberian Ensemble traballou ininterrompidamente con autoridades locais, asociacións, universidades, academias e conservatorios de música, museos, festivais e entidades culturais. Ten participado en prestixiosos festivais de música antiga en Portugal, España, Reino Unido, Croacia, Serbia, República Checa ou Grecia. As presentacións no ámbito da lusofonía adquiren un particular relevo no caso do Brasil, colaborando regularmente con varias universidades e festivais daquel país; unha colaboración que se está a estender a outros países iberoamericanos coma México, onde actuarán este 2026.

As persoas que integran o Iberian Ensemble son todas intérpretes cunha ampla formación académica especializada na música antiga, en diversas institucións europeas e americanas. Ademais de formar parte deste grupo, desenvolven carreiras artísticas propias noutros ámbitos e espazos, o que lles confire unha elevada cualificación profesional e proxección.